

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 24 DE MAIO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecatiro de Maio de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde accidental pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 12 de Maio corrente.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Emilio Covelo Gómez e Don Francisco Diéguez García, na súa calidade de Presidente e Vicepresidente, respectivamente, da Asociación de Veciños de San Andrés, que fai referencia á suposta construción ilegal dun cerramento sito na paraxe Camiño das Velas, levado a cabo polo conveciño, Don Luciano Alvarez Pérez, a Comisión de Goberno desexa face-las seguintes precisións: en primerio lugar, comunicar ós señores Covelo Gómez e Diéguez García que a Asociación de Veciños de San Andrés non se atopa rexistrada no correspondente documento relacionado coas Asociacións vixente neste Concello; polo tanto, hai que entende-la súa denuncia con carácter particular; para un mellor estudio do tema que se formula, a Comisión de Goberno coida oportuno que o Sr. Aparellador Municipal informe dun xeito concreto sobre se a obra de cerramento de que se trata está axustada á licenza concedida no seu día ó Sr. Alvarez Pérez; cumprido que sexa isto, a Comisión de Goberno acadará o acordo correspondente; por último, a Comisión de Goberno desexa agradecer ós señores Covelo Gómez e Diéguez García a súa preocupación por estes temas tan importantes relacionados cos

aspectos urbanísticos, pregando dos mesmos, en todo caso, teñan a ben pór en coñecemento do Concello tódalas posibles infraccións que teñan lugar en San Andrés neste senso; é claro que, recibido que sexa o informe do Sr. Aparellador Municipal, resolverase a denuncia pero sempre nun aspecto particular porque, como xa se dixo, a Asociación de Veciños de San Andrés non está rexistrada no Concello.

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballedal, veciño de Francelos, no que prega a correspondente autorización para levar a cabo o cerramento dunha finca da súa propiedade, sita na rúa Piñeirál, na parte traseira do inmoble sinalado co número 16, a Comisión de Goberno amosa a súa conformidade ó informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que sinala o seguinte, e que se notifique ó interesado ós correspondentes efectos legais: "El edificio nº 16 en su fachada principal, calle Subida a la Franquierán, no podrá ser alterado, pues los terrenos de línea de fachada al exterior son de dominio público; su fachada posterior a Travesía Pardo Bazán-Vicente Risco, el edificio está delimitado por una fachada que se tiene que considerar como alineación estable, siendo el resto del terreno de dominio público perteneciente a la Travesía, que está definida y delimitada por la edificación y cierres actuales; considero no se pueden cerrar propiedades en su frente a la Travesía que alteres las alineaciones actuales; para edificación se solicitarán las condiciones urbanísticas y línea de edificación, y que no necesariamente tiene que coincidir con las líneas de cierre actuales".

Visto o escrito de Don Urbano Rodríguez Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Porta Nova de Abaixo, nº 20, no que prega se lle conceda un posto de venda na Praza de Abastos, unha vez reformada, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que a súa petición será estudiada no momento oportuno, unha vez que se abra o prazo para a presentación das correspondentes solicitudes.

Visto o escrito da Asociación Engelmajer, con enderezo en rúa Pizarro, nº 48, 3º A, Vigo, sobre a loita contra a droga e a prol dos enfermos de Sida, a Comisión de Goberno acorda comunicar á mesma que con moito gusto serán recibidos os seus representantes neste Concello en beneficio de que a devandita loita teña os mellores froitos.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Paulino Soto Escudero, veciño desta Vila, sobre a adaptación dun local para cafetería na rúa Praza Maior, 24, desta Vila; visto o

resultado da información pública e vistos os informes técnicos que constan no mesmo, e tendo en conta que esta instalación non loita coa normativa urbanística aplicable á zona de que se trata, a Comisión de Goberno, por unanimidade, dictamina favorablemente o expediente e que se remita o mesmo á Comisión Provincial de Medio Ambiente ós efectos de calificación e demais que procedan.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Dona María Concepción Pego Pérez, desta Vila, sobre a adaptación dun local para a actividade de droguería e perfumería sito na rúa Progreso, de Ribadavia; visto o resultado da información pública e vistos os informes técnicos que constan no mesmo, e tendo en conta que esta instalación non loita coa normativa urbanística aplicable á zona de que se trata, a Comisión de Goberno, por unanimidade, dictamina favorablemente o expediente e que se remita o mesmo á Comisión Provincial de Medio Ambiente ós efectos de calificación e demais que procedan.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión de Goberno os seguintes:

Circular nº 18/93, da Consellería de Sanidade que fai referencia ás acampadas ilegais incontroladas.

Escrito da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, sobre "charlas" a impartir polo Servicio Social de Base da Comarca do Ribeiro, sobre os temas específicos dos seus servicios e prestacións, que terán lugar os días 14 e 16 de Xuño vindeiros, ás sete e media do serán, no Centro Social de Ribadavia e Teleclub de Francelos, respectivamente.

Escrito da Xefatura Provincial de Urbanismo, que contén notificación do acordo da mesma sobre un Estudio de Detalle a instancia de Don Luís Estévez Corujo, acordando a Comisión de Goberno que se notifique ó interesado e mesmo que se estudie o expediente completo, ós conseguintes efectos.

Informe da Consellería de Sanidade, sobre o actual abastecemento de auga da Franqueirán, facendo fincapé a Comisión de Goberno en que serán adoptadas as medidas necesarias para garanti-la potabilidade da auga ós correspondentes usuarios.

Resolución da Comisaría de Augas do Norte de España, sobre uso privativo por parte de Renfe para a utilización de auga procedente dun pozo situado en Francelos, acordando a Comisión

de Goberno que pase a informe do Sr. Aparellador Municipal, ós efectos de interpor, se así procede, o correspondente recurso, que terá que ser formulado no prazo que remata o día 12 de Xuño vindeiro.

Escrito da Xestora de Coordinación coas Facendas Locais, acordando a Comisión de Goberno que se confeccionen os datos interesados cando estea aprobado precisamente o Orzamento deste Concello para o ano 1993.

Informe da Policía Local sobre a retirada do vehículo matrícula OR-0926-C, de Don Antonio de Saa Mato, veciño de Vide-Castrelo de Miño, que se atopaba en estado de abandono na rúa Progreso desta Vila.

Orde do 2 de Marzo de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, sobre axudas ós Concellos para a normalización lingüística dos rótulos existentes nas Casas dos Concellos.

Partes de cloración de augas do abastecemento público.

Escrito do Goberno Civil, que anuncia a incoación dun expediente ó establecemento nomeado "ZUM ZUM", por infracción do horario de cerramento.

Escrito da Deputación Provincial, sobre unha Xornada dedicada ó estudio da Lei 30/92, do 26 de Novembro, que terá lugar o día 26 do corrente mes, quedando enterada de que asistirá á mesma o Secretario accidental deste Concello.

Escrito da Consellería da Presidencia e Administración Pública, sobre o acto da constitución do Consello Comarcal do Ribeiro, que terá lugar o vindeiro día 26, ás seis da tarde, precisando a Comisión de Goberno que o artigo 9 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro dispón que os órganos de goberno e administración da Mancomunidade radicarán na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia.

Escrito da Dirección Provincial do Instituto Nacional de Emprego sobre Convenio para a cesión do inmovible situado na rúa García Penedo, nº 3, acordando a Comisión de Goberno que sexa estudiado e, en todo caso, que sexa sometido ó Pleno do Concello.

Orde do 12 de Maio de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, sobre subvencións ás Corporacións Locais para o desenvolvemento dos medios de comunicación municipais.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

En relación cun escrito da Comisión de Festas de San Antonio, nas Chavolas, no que prega unha axuda económica para as mesmas, a Comisión de Goberno acorda comunicar que será obxecto de estudio coxuntamente con tódalas peticións para esta clase de eventos.

En relación cun escrito da Asociación de Mulleres Rurais "Nosa Señora do Portal", desta Vila, no que prega unha axuda de 25.000 pesetas para gastos da Coral de San Francisco co gallo do Día da Muller Rural, a Comisión de Goberno acorda comunicar que será obxecto de estudio cando estea confeccionado o Orzamento Xeral do ano 1993.

Toma coñecemento a Comisión de Goberno dun contrato de telefonía móvil automática asinado entre a Telefónica e este Concello.

Por último, a Comisión de Goberno acorda encargarse ó Arquitecto Don Ildefonso Estévez Martínez a confección dun anteproxecto de rehabilitación da Alameda de Ribadavia, que será obxecto de estudio convenientemente e ó que se lle dará o trámite regulamentario unha vez coñecido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.-

E sendo as nove e cuarto da noite o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-